



CONCELLO DE FRIOL



II PREMIO DE INVESTIGACIÓN HISTÓRICA, CULTURAL E ETNOGRÁFICA “CONCELLO DE FRIOL”

O Concello de Friol, a Asociación Cultural Carballo Vivo e a Facultade de CC. Da Educación da USC, convocan o II PREMIO DE INVESTIGACIÓN HISTÓRICA, CULTURAL E ETNOGRÁFICA “CONCELLO DE FRIOL”.

BASES

1. Os/as interesados/as poderán participar a nivel individual ou como colectivo.
2. Cada autor/a poderá concursar con cantos traballos desexe.
3. Os temas sobre os que poderán versar os traballos deberán estar relacionados co patrimonio etnográfico e cultural do Concello de Friol (tradicións, festas, ritos, arte popular, lendas, memoria histórica, costumes, literatura oral, etc).
4. Haberá dous premios:
 - 1º Premio, dotado con **2.000** euros.
 - 2º Premio, dotado con **500** euros.
5. Os traballos deberán ser entregados no rexistro do Concello de Friol baixo pseudónimo. En sobre pechado serán incluídos os datos do participante: Nome, enderezo, teléfono...
6. Coa presentación dos orixinais deberá ser incluída, tamén, a seguinte documentación:
 - Curriculum Vitae dos solicitantes ou, se é do caso, información detallada das características da asociación, colectivo, grupo...
 - Modelo de presentación debidamente cumprimentado. O modelo poderá descargarse da páxina web do concello: <http://www.concellodefriol.es/>
7. Deberase entregar orixinal en papel e copia en CD, en formato PDF ou Word, fonte Times New Roman, corpo 12, DIN A4.
8. A extensión dos traballos será dun mínimo de 50 folios e un máximo de 400. As páxinas ocupadas polas notas, bibliografía, mapas, fotografías, etc, tamén se contabilizarán.
9. Os traballos deberán ser realizados e presentados en lingua galega.
10. A data límite de presentación dos traballos será o día **30 de xaneiro de 2018**.



CONCELLO DE FRIOL



11. Xurado estará presidido polo Sr. Alcalde do Concello de Friol, e estará integrado por un integrante da xunta directiva da Asociación Cultural Carballo Vivo e tres especialistas propostos polas entidades organizadoras. As súas decisións serán inapelables.
12. Unha vez que o xurado falle os premios, que poderán ser declarados desertos, daranse a coñecer a través dos medios de comunicación.
13. As persoas premiadas deberán comunicar por escrito ao Concello de Friol a aceptación do Premio no prazo de oito días naturais a partir da data de concesión do mesmo.
14. As obras premiadas poderán ser editadas e accesibles dende a web do Concello dentro do prazo dun ano; transcorrido o mesmo, os seus autores/as disporán delas libremente, pero no momento, se é do caso, da súa publicación, deberán consignar a distinción concedida.
15. A asociación Cultural Carballo Vivo e o Concello de Friol poderán solicitar do autor/a calquera aclaración que estimen conveniente en relación co traballo. Así mesmo, poderán deixar sen efecto o Premio se o beneficiario incumpre as obrigacións sinaladas nas presentes Bases.
16. As cuestión non previstas nestas bases serán resoltas polo xurado de acordo co seu libre criterio.
17. A participación no Premio implica a total aceptación das presentes Bases.